

Renda per cápita da unidade familiar

- Para os efectos desta orde, a renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do **exercicio fiscal 2022** entre o número de membros computables, tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33 % ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.
- A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.
- Cando se presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2022, **sumaranse a base imponible xeral (recadro 435) e a base imponible do aforro (recadro 460)**; cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Nos casos de violencia de xénero, cando o agresor forme parte da unidade familiar, non se terán en conta os ingresos deste para determinar a renda per cápita da unidade familiar.

Membros computables da unidade familiar

- Para os efectos desta orde, terán a consideración de membros computables da unidade familiar:
 - Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o tutor ou tutores do alumnado.
 - Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar ou preadoptivo legalmente constituído.
 - Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente, sempre que estean suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
 - Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
 - Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
 - A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación de afectividade análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/da alumno/a, agás nos casos de custodia compartida.

- Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do apartado anterior.

- Non terá a consideración de membro computable:
 - A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
 - O agresor nos casos de violencia de xénero.

- En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2020, agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esa data atribúa a custodia a un dos proxenitores e nos casos de violencia de xénero, caso en que se aplicará o disposto na lexislación específica.